

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA PRÓRROGA DO NOMEAMENTO INTERINO DE 5 POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE TRES MESES.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 7/2025, por un importe total de 24.202,93 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da prórroga do nomeamento interino de 5 postos de auxiliar administrativo na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións, por acumulación de tarefas por un período de 3 meses e para o que se precisaría un importe de 40.284,00 €, logo do informe da Sra. Tesoureira Municipal, do 18.03.2025, no que se pon de manifesto a inexistencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no capítulo I do subprograma 13000 (consultada a contabilidade municipal, este ascende a **16.081,07 €**)

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 391/2025, do 21.03.2025 así como os RCMOD Ref.: 15159/2025, 15161/2025, 15162/2025 e 15163/2025, por importe global de 24.202,93 €, do 20.03.2025.

Considerando que a transferencia realízase esencialmente dende aplicacións de persoal, estas non están suxeitas a limitacións tan restritivas como as doutra natureza, polo que poderían recuperar, se procede, a consignación inicial no caso de que fose preciso.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación TC 7/2025 por importe de 24.202,93 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
15302.12000	8.160,42 €	13000.14301	18.353,62
15302.12101	4.558,14 €	13000.16000	€
15302.12100	8.068,14 €		5.849,31 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8622767243898873849.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 7/2025 Prórroga acumulc.tarefas 5 aux. Mobilidade

15302.16000	3.416,23 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	24.202,93 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	24.202,93 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúprase.